



CONCELLERÍA DE DEPORTES

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Pavillón Municipal – Avda. Habana, s/n · CP 15320 · Telf. 981452602 · deportes@aspontes.org · CIF P1507100D

Ref.: Cultura

Extracto da resolución nº 1866/2024, de 11 de outubro de 2024, da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica, pola que se resolve aprobar as bases específicas que rexeran as subvencións para as festas parroquiais e de barrio do excmo. concello das Pontes de García Rodríguez para o ano 2024

Primeiro.– Beneficiarios.

Poderán solicitar e ser beneficiarios da axuda convocada a través das presentes bases, as Comisións de Festas en parroquias ou barrios de carácter tradicional e contrastada continuidade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro para ser beneficiarios de subvencións.

Recoñecemento das comisións de Festas:

O Concello recoñece a Comisión de Festas dentro do seu ámbito de actuación, e unha vez recoñecidas son consideradas como axentes responsables na organización das festas do seu barrio e parroquia.

A comisión de festas deberá presentar unha declaración na que conste o nome e apelidos do representante na que se comprometerá a organizar a festa correspondente, e asume as responsabilidades derivadas da organización da mesma.

No caso de que a festa sexa organizada por unha asociación de veciños esta deberá estar debidamente rexistrada no censo de asociacións do Concello.

O recoñecemento de Comisión de Festas non exime a esta das súas obrigas de solicitude de ocupación de vía pública e demais permisos derivados da lexislación vixente. Así como de responder dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia das características do establecemento aberto ao público ou da organización e desenvolvemento do espectáculo ou da actividade, así como constituír as garantías e concertar e manter vixentes os correspondentes contratos de seguro exixidos pola lei. Deberán aboar os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística (SGAE, DAMA...).

Os solicitantes deberán acreditar, no momento de formular a súa solicitude, a súa condición de interesado achegando:a documentación requirida no punto 5 das bases.

Segundo.- Obxecto.

A presente convocatoria, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas económicas ás asociacións e entidades constituídas como tales para a realización de festas en barrios e parroquias do Concello de As Pontes de García Rodríguez do ano 2024 que se celebren na vía pública coa participación e disfrute xeral dos veciños. Quedan excluídas as festas que se celebren en urbanizacións ou comunidades para disfrute privativo dos mesmos.

Terceiro.- Bases reguladoras.



CONCELLERÍA DE DEPORTES
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Pavillón Municipal – Avda. Habana, s/n · CP 15320 · Telf. 981452602 · deportes@aspontes.org · CIF P1507100D

Ref.: Cultura

O programa rexeráse polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 201 do 17 de outubro de 2024, disponibles en:
https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2024/10/17/2024_0000007226.pdf

Cuarto.- Cuantía.

Destinaranse un importe de 37.500,00 con cargo á aplicación orzamentaria 2024.338.48904.

Quinto. Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base sétima das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes terán exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só poderase presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira). O prazo será de dez días a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 10 de decembro de 2024, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Oitavo.-Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.